

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. 2005


A elaboración do seguinte estudo faise en base ós datos aparecidos no Informe Comarcal do Mercado Laboral dos tres primeiros trimestres do ano 2005 publicado polo Instituto Galego das Cualificacións dependente da Xunta de Galicia.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2005 foi case o **2% do desemprego rexistrado na provincia.**

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2005, Vimianzo conta cun 44.02 % dos inscritos na comarca, Camariñas cun 31.83 % e Zas cun 24.14 %

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca segue a mesma tendencia todo o ano segundo o sexo, así aumenta en ambos sexos no segundo trimestre e sofre unha diminución no terceiro, para volver a aumentar no derradeiro trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 55.43 % fronte ó 44.57 % de desemprego masculino, acadando a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do ano. A media trimestral delas foi de 668 paradas,

maior número que a media dos tres primeiros trimestre do ano anterior (579). Os homes desempregados presentan unha media de 537 desempregados, superior ós 472 dos tres primeiros trimestres do ano 2004.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2005	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
<i>Primeiro</i>	545	603	1148	63186
<i>Segundo</i>	559	700	1259	65751
<i>Terceiro</i>	466	663	1129	63980
<i>Cuarto</i>	580	708	1288	71894

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	142	309	230	213	254	1148
SEGUNDO	158	331	257	223	290	1259
TERCEIRO	115	291	244	204	275	1129
CUARTO	137	350	254	256	291	1288

Se facemos tres grandes grupos de idade tendo en conta os menores de 25 anos., os de 25 – 44 anos e os maiores de 45 observamos que a maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 47 %, Os parados maiores de 45 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 42% de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 11 % do desemprego comarcal.




Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	81	190	148	104	80	603
SEGUNDO	88	214	179	122	97	700
TERCEIRO	71	210	165	122	95	663
CUARTO	90	223	168	130	97	708

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-35 anos	36-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	61	119	82	109	174	545
SEGUNDO	70	117	78	101	193	559
TERCEIRO	44	81	79	82	180	466
CUARTO	47	127	86	126	194	580



O **paro feminino** caracterízase por ser superior en porcentaxe ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 54 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación activa é moi

superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

As maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de maiores de 55 anos, seguido do grupo de 25 – 35 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ao grupo de 25 – 35 anos e ao grupo de 45 a 54 anos. Hai que salientar que o maior descenso de desempregados durante os meses de verán se produce entre os menores de 25 anos.




O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 59 % de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 27 % teñen a ensinanza obrigatoria e só un 3 % de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
OUTRAS TITULACIÓNS	18	1	0	0
UNIVERSITARIOS	33	30	42	43
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	32	35	18	36
FORMACIÓN PROFESIONAL	64	128	99	115
ENSINANZA OBRIGATORIA	330	323	294	348
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	671	742	676	746
TOTAL	1148	1259	1129	1288

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º		2º		3º		4º	
	T	%	T	%	T	%	T	%
AGRIC/PESCA	82	7.14	94	7.47	62	5.49	69	5.36
INDUSTRIA	203	17.68	228	18.11	223	19.75	242	18.79
ELECTRICIDADE	1	0.09	1	0.08	2	0.18	9	0.70
CONSTRUCCIÓN	300	26.13	282	22.40	252	22.32	344	26.71
COMER/HOST	174	15.16	201	15.97	185	16.39	196	15.22
TRANS/COMUNIC	23	2.00	28	2.22	24	2.13	29	2.25
OUTROS SERVIZOS	230	20.03	254	20.17	235	20.81	253	19.64
TOTAL CON EMP ANT	1013	88.24	1088	86.42	983	87.07	1142	88.67
TOTAL SEN EMP ANT	135	11.76	171	13.58	146	12.93	146	11.33
TOTAL COMARCA	1148	100	1259	100	1129	100	1288	100


Máis do 87 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 13 % é demandante de primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior incrementouse en dous puntos porcentuais os demandantes de primeiro emprego. Esta tendencia de incremento relativo dos demandantes de primeiro emprego vese confirmada no segundo trimestre do 2005 observándose un aumento na porcentaxe de parados e paradas que buscan o primeiro emprego para volver descender no terceiro e cuarto trimestres mentres que no grupo de desempregados con emprego anterior obsérvase a tendencia contraria.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son a construción, outros servizos, industria e comercio / hostalería. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de aumento no número de parados no segundo trimestre e diminución no terceiro trimestre (influído polas contratacións estacionais), para volver a aumentar de novo no cuarto trimestre aínda que existen distintos comportamentos no número de desempregados segundo os sectores que avaliemos.




Nos distintos sectores se producen aumentos ou descenso significativos no segundo terceiro e cuarto trimestre sobre todo na construción , na industria e na agricultura – pesca. Ó remate do verán danse os peores resultados de desemprego no sector da construción. Soamente na agricultura – pesca rematan o ano con menos parados que ó inicio



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1ºTRIMESTRE			2º TRIMESTRE			3ºTRIMESTRE			4ºTRIMESTRE		
	H	M	T	H	M	T	H	M	T	H	M	T
AGRIC/PESCA	83.95	16.05	64	86.02	13.98	93	84.38	15.63	64	81,03	18,97	58
INDUSTRIA	30.13	69.87	222	30.77	69.23	156	31.43	68.57	140	29,59	70,41	169
ELECTRICIDADE	0.00	0.00	0	0.00	0.00	0	0.00	0.00	0	0	0	0.00
CONSTRUCCIÓN	92.56	7.44	222	94.15	5.85	205	90.57	9.43	212	88,17	11,83	169
COMER/HOST	38.31	61.69	151	36.78	63.22	87	43.97	56.03	116	25,49	74,51	153
TRANS/COMUNIC	80.34	19.66	7	83.33	16.67	6	80.77	19.23	26	68,42	31,58	19
OUTROS SERV	47.26	52.74	96	41.12	58.88	107	55.05	44.95	218	26,56	73,44	128
TOTAL	60.4	39.6	762	61.47	38.53	654	62.11	37.89	776	47.70	52.30	696




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre só no sector de agricultura – pesca e outros servizos. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta na construción, comercio / hostalería, transporte /

comunicacións e outros servizos para diminuír nos restantes sectores, é dicir, agricultura – pesca e industria. No cuarto trimestre aumenta a contratación nos sectores da industria e comercio / hostalería, para diminuír significativamente nos sectores da construción e outros servizos.


Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 58%, sobre todo nos sectores tradicionais como a construción, transporte/comunicacións e agricultura / pesca. A maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores da industria, comercio/hostalería e outros servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que só no cuarto trimestre as contratacións femininas superan o número de contratos masculinos, a medida que vai avanzando o ano atopamos un descenso paulatino na porcentaxe de contratacións femininas e un aumento nas contratacións masculinas. Só se racha esta tendencia no referido cuarto trimestre no que as contratacións femininas superan nun 4.6 % ás contratacións masculinas.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados a agricultura/pesca, a construción e o sector de transporte/comunicacións. A maioría da contratación feminina prodúcese na industria, case o 70 % do sector, e no comercio / hostalería.



No segundo trimestre tanto homes coma mulleres son contratados en tódolos sectores, aínda que no sector industria, comercio / hostalería e outros servizos a porcentaxe é moi superior en canto a contratación feminina, séguese polo tanto a tendencia do primeiro trimestre.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre é onde a porcentaxe de contratación feminina é a máis baixa respecto da contratación masculina. Só se supera a metade dos contratos na industria e no comercio / hostalería aínda que neste último sector aumenta significativamente o número de contratacións masculinas. Auméntase a porcentaxe nos sectores primario e construción, que aínda que continúan a ser moi inferiores con relación ós homes acadan as mellores cifras de feminización neste terceiro trimestre, polo contra sofre unha clara diminución na contratación feminina o sector doutros servizos.



No cuarto trimestre observamos por primeira vez no ano que a porcentaxe de contratación feminina é superior á contratación masculina, sobre todo nos sectores da industria, comercio / hostalería e outros servizos. Aínda que a dita porcentaxe segue a estar por debaixo no resto de sectores (agricultura – pesca, construción e transporte / comunicacións) se produce un aumento na contratación feminina especialmente significativo no sector do transporte / comunicacións.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA

	1º Trimestre		2º Trimestre *		3º Trimestre *		4º Trimestre *	
	T	%	T	%	T	%	T	%
XASTRES, MODISTAS E SOMBREIREIROS	118	15.49	175	12.36	220	10.04	291	10.08
ALBANEIS E CANTEIROS	92	12.07	153	10.81	211	9.63	257	8.90
PEÓN DA IND. ALIMENTARIA, BEBIDAS E TABACO	36	4.72						
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	27	3.54	41	2.90	70	3.19		
ENCOFRADOR	26	3.41						
PEÓN DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	24	3.15	86	6.07	120	5.47	176	6.09
OPERADOR DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	22	2.89	71	5.01	97	4.43	126	4.36
DEPENDENTES E EXHIBIDORES EN TENDAS, ALMACÉNS...	21	2.76	47	3.32	66	3.01	96	3.32
MARIÑEIRO DE CUBERTA, EXCEPTO PESCA	20	2.62						
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS	16	2.10						
TRABALLADORES EN FORMIGÓN ARMADO, ENFUSCADORES...			59	4.17	81	3.70	104	3.60
PESCADOR POR CONTA ALLEA AUGA DOCE E AUGAS COST.			48	3.39				
PARQUETEIROS, SOLADORES E ASIMILADOS			45	3.18	67	3.06		
CARPINTEIROS (AGÁS DE ESTRUTURAS METÁLICAS)			41	2.90	65	2.97	90	3.12
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES					101	4.61	103	3.57
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA							98	3.39
ASISTENTES DOMICILIARIOS							85	2.94

*Os datos inclúen ós trimestres anteriores.


Entre as ocupacións máis contratadas atopamos catro grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres: Xastres, modistas e sombreireiros; albaneis e canteiros; peón de industrias manufactureiras; operadores de máquinas de coser e bordar; dependentes e exhibidores en tendas, almacéns....
2. Ocupacións que se incrementan considerablemente a medida que vai avanzando o ano: Traballadores en formigón armado, enfuscadores...; carpinteiros (agás de estruturas metálicas).
3. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco; encofrador; mariñeiro de cuberta, excepto pesca; camareiros, barmans e asimilados; pescador por conta allea de auga doce e augas costeiras; pescador por conta allea de altura; asistentes domiciliarios.


4. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: Parqueteiros, soladores e asimilados; compositores, músicos e cantantes.

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS

	1ºTRIMESTRE		2ºTRIMESTRE		3ºTRIMESTRE		4ºTRIMESTRE	
	T	%	T	%	T	%	T	%
Muller / mozo limpeza	148	9.52	144	9.31	142	10.25	148	9.91
Peón da construción de edificios	141	9.07	93	6.01	79	5.70	101	6.76
Albanel	98	6.31	79	5.11	71	5.12	90	6.02
Dependente de comercio, en xeral	75	4.83	72	4.65	67	4.83	75	5.02
Peón ind.manufactureira, xeral	70	4.50					31	2.07
Peón ind.aliment.bebidas e tabaco	66	4.25						
Empregado administrativo, en xeral	65	4.18	46	2.97	40	2.89	33	2.21
Operador máquina ind.coser á plana	50	3.22	30	1.94	33	2.38	39	2.61
Camareiro, en xeral	46	2.96						
Modista / o	46	2.96			35	2.53	33	2.21
Asistente domiciliario (aux.axuda domicil.)			55	3.56	46	3.32	49	3.28
Mariñeiro de pesca			39	2.52				
Empregada de fogar			30	1.94				
Caixeiro de comercio			27	1.75				
Cociñeiro, en xeral					30	2.16		
Pinche de cociña					29	2.09		
Encofrador							36	2.41



Atopamos no ano 2005 maior número de ocupacións con correspondencia entre as demandas das persoas paradas e os contratos realizados, indicador dunha maior adaptación entre as ocupacións demandadas e ofertadas no mercado laboral, sen embargo tamén é salientable unha menor coincidencia entre as cantidades totais de demanda e oferta nestas ocupacións polo que segue a ser necesario o axuste entre as cantidades de persoas demandantes e número de postos ofertados.



As demandas dos desempregados coinciden con SEIS das 10 ocupacións máis contratadas no ano 2005. As diferenzas entre demandas e ofertas máis salientables son:

1.- Na totalidade das ocupacións onde coinciden ocupacións contratadas e demandadas é maior o número de contratacións que o de demandas. As ditas ocupacións serían: xastres, modistas e sombreireiros, albaneis e canteiros; peón de industrias manufactureiras; operador de máquinas industriais de coser e bordar; dependentes e exhibidores en tendas, almacéns..., asistentes domiciliarios.

2.- Por outra banda atopamos unha maior demanda dos desempregados e desempregadas en ocupacións con poucas contratacións tales como mozo / muller de limpeza; empregado administrativo, en xeral; peón da construción de edificios; encofradores.

3.- Aparecen tamén ocupacións con contratación que non aparecen entre as máis demandadas polos parados e paradas: traballadores en formigón armado,

enfusadores...;compositores, músicos e cantantes; pescadores por conta allea de altura; carpinteiros (agás estruturas metálicas).

Con respecto a anos anteriores observamos un aumento no número de correspondencias no 2003 e 2004 entre as ocupacións máis contratadas e as máis demandadas polos desempregados inscritos no SGC. O dito incremento pode ser debido á existencia do servizo de orientación e a divulgación das ocupacións máis contratadas na comarca.

De todo isto concluimos que é necesaria unha orientación que mellore a relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.

Comparando os datos relativos ó ano 2004 recollidos no estudo de Saídas Comarcais Profesionais, o Estudo do Mercado Laboral da Provincia da Coruña do 2004, editados ámbolos dous polo Instituto Galego das Cualificacións e os datos do noso estudo comarcal observamos o seguinte:

- Ocupacións de **Prioridade 1**: aquelas que aumentan o número de contratados con respecto ó ano 2000 e presentan superávit de contratación).

Segundo os datos que manexamos no noso estudo non entraría como esta prioridade a ocupación de embalador, empaquetador, etiquetador a man. A dita ocupación non só non aparece no listado das 20 ocupacións máis contratadas da comarca senón que no noso centro asociado do SGC non recollemos ningunha demanda relativa á dita ocupación.

- Respecto ó apartado doutras propostas recomendadas de prioridade 1 faríamos 3 excepcións no listado de ocupacións:
 - o As ocupacións de peón agropecuario e ferragacheiro ademais de non aparecer no listado das 20 ocupacións máis contratadas non temos



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



información de que poidan ser ocupacións emerxentes na comarca cos datos dos que dispoñemos.

- Na ocupación de músico instrumentista habería que sinalar que o tipo de contratacións que se soe facer é para actuacións puntuais, sobre todo na tempada de verán que é cando se celebran a maioría das festas nas parroquias da comarca.